

Resolución da Secretaría Xeral pola que se autoriza a creación dun selo de órgano para a Área Económica da Universidade de Santiago de Compostela.

O primeiro parágrafo do artigo 11 do Regulamento de Transformación Dixital, Administración Electrónica e Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación da USC indica que *Cando a actuación administrativa sexa realizada de forma automatizada deberá utilizarse o selo electrónico de órgano da USC ou o correspondente ao órgano administrativo que teña atribuídas as competencias. Estes selos electrónicos incorporarán unha referencia específica á Universidade de Santiago de Compostela.*

Así mesmo, o segundo parágrafo do devandito artigo establece que *A creación de selos electrónicos vinculados a determinados órganos administrativos realizarase mediante resolución da Secretaría Xeral da Universidade.*

Vista a solicitude da dirección da Área Económica sobre a necesidade de contar cun selo de órgano de uso específico para a emisión de facturas,

Resolvo:

1. Autorizar a creación do selo de órgano “Área Económica da Universidade de Santiago de Compostela”.
2. Anular a autorización dada por Resolución da Secretaría Xeral do 12 de xullo de 2017 para o uso do selo de órgano da Universidade de Santiago de Compostela nos seguintes procedementos automatizados:
 - Autorizacións electrónicas por parte dos directores de centros de gasto
 - Emisión de facturas da USC en eSicus
3. O selo de órgano da Área Económica da USC empregarase exclusivamente nos seguintes procedementos automatizados:

| Aplicación | Procedemento |
|------------|---|
| SICUS | Autorizacións electrónicas por parte dos directores de centros de gasto |
| SICUS | Emisión de facturas da USC en eSicus |
| XEA | Emisión de facturas de actividades de investigación |

A Secretaria Xeral

Dulce M^a García Mella

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE n^o 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 21/05/2025 11:45:50.

CSV: C9CE-3E46-450D-A96E